



Estimadas familias:

O pasado luns 28, publicáronse as instrucións sobre o funcionamento dos comedores escolares para o vindeiro curso 2021/2022. As liñas xerais de organización e funcionamento son as mesmas que os cursos anteriores,

Publicamos na páxina web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarrantes/>) o documento a cubrir para a **solicitude de praza no comedor** (tamén podedes recollelo no colexio a partires do xoves 1 de xullo e ata o venres 9). O prazo para devolver cuberta a solicitude **remata o 8 de setembro** (agás casos excepcionais que se pode prorrogar durante ese mes).

Aqueles pais/nais que queirades ser colaboradores/as do comedor escolar teredes que comunicalo á dirección e cubrir un impreso que se entregará no centro. Se tedes calquera dúbida sobre este aspecto non dubidedes en chamar para aclarala.

As clases comezarán o 9 de setembro, segundo se recolle na Orde de Calendario Escolar publicada no DOG recentemente.

Un saúdo.

O Equipo Directivo.